

CONDICIÓN XERAIS DE VENDA DE ENTRADAS SALÓN AUTOMOBIL LUGO 2026

1. Obxecto

Estas Condicións regulan a compra e o uso das entradas para o evento **Salón Automobil Lugo 2026**, organizado pola Fundación Feiras e Exposicións de Lugo, con NIF G2716149, que se celebrará no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo (Avda. dos Deportes s/n, 27004 Lugo) e cuxa información oficial está dispoñible en www.salonautomobilugo.com.

2. Datase horario

O Salón Automobil Lugo 2026 celebrarase nas seguintes datas oficiais:

- **Semana Vehículo Novo (V.N.):**
Do 6 ao 8 de marzo de 2026
- **Semana Vehículo Ocasión (V.O.):**
Do 11 ao 15 de marzo de 2026

Horario xeral:

Das 10:30 h ás 20:00 h. O horario poderá modificarse en determinados días por razóns organizativas.

A entrada dá dereito a acceder **un día completo**, válida só para o día seleccionado no proceso de compra.

Condición especial de acceso combinado:

A compra dunha entrada para calquera día da semana de Vehículo Novo (V.N.) dará dereito adicional a acceder gratuitamente a un (1) día da semana de Vehículo Ocasión (V.O.), a elixir polo/a asistente, dentro das datas oficiais do evento.

Este acceso adicional:

- Só poderá utilizarse unha vez.
- Será validado mediante o mesmo código ou sistema de control determinado pola organización.
- Non será acumulable nin transferible.
- Non dará dereito a unha terceira entrada nin a accesos múltiples na semana de V.O.

As entradas adquiridas exclusivamente para a semana de Vehículo Ocasión (V.O.) non inclúen acceso á semana de Vehículo Novo (V.N.).

3. Menores e acceso

- As persoas menores de **16 anos** deberán entrar acompañadas por un adulto responsable, tal e como establece a Lei 10/2017 de Galicia.
 - O adulto acompañante será responsable da seguridade e comportamento do menor durante toda a estancia.
 - Poderá solicitarse DNI ou documento equivalente para verificar a idade.
 - Algunhas actividades contan con restricións de idade, altura ou condición física. O incumprimento impedirá o acceso sen dereito a reembolso.
-

4. Entradas e validez

- Só son válidas as entradas adquiridas a través dos canais oficiais do evento.
- Cada entrada é persoal e intransferible salvo autorización expresa da organización.
- Prohíbese a manipulación, reprodución ou reventa non autorizada.
- A perda, roubo ou deterioro da entrada non garante a súa reposición.

No caso das entradas da semana de Vehículo Novo (V.N.), aplicarase o dereito de acceso adicional á semana de Vehículo Ocasión (V.O.) segundo o establecido no apartado 2 destas Condicións.

5. Prezos

5.1. Entrada xeral:

3 € + gastos de xestión

5.2. Os prezos poden incluír gastos de xestión segundo o método de compra.

6. Cambios e devolucións

- Non se admiten devolucións tras completar a compra, ao tratarse dun servizo con data concreta (art. 103.I da Lei 3/2014).
- Non se aceptan cambios de día, tipo de entrada salvo autorización expresa e dispoñibilidade.
- En caso de **cancelación total** do evento, ofrecerase:
 - reembolso íntegro, ou
 - cambio por outra data ou actividade equivalente.

- Non se reembolsarán gastos indirectos (desprazamentos, hoteis...).
- As modificacións non esenciais (actividades, adaptacións horarias, meteoroloxía) non supoñen dereito a reembolso.
- En caso de forza maior, poderá reprogramarse a entrada sen obriga de devolución económica.

O acceso adicional á semana de Vehículo Ocasión (V.O.) incluído nas entradas da semana de Vehículo Novo (V.N.) forma parte da mesma prestación e non constitúe unha entrada independente, polo que non poderá ser obxecto de devolución parcial.

7. Acceso ao recinto

- Será obrigatorio presentar a entrada válida e, se se solicita, identificación.
 - O acceso está limitado ao **día e horario elixido**.
 - A chegada fóra de hora pode impedir a entrada sen dereito a devolución.
 - Unha vez colocada a pulseira, poderá permitirse a saída e reentrada no mesmo día.
 - O incumprimento das normas poderá supoñer a denegación do acceso.
-

8. Dereito de admisión

- A organización resérvase o dereito de admisión segundo a Lei 10/2017 de Galicia.
 - Poderase denegar a entrada ou expulsar a persoas que:
 - presenten condutas violentas, agresivas ou disruptivas,
 - se atopen baixo efectos de alcohol ou drogas,
 - incumpran normas de seguridade,
 - porten obxectos perigosos.
 - A expulsión por incumprimento **non dará dereito a devolución**.
-

9. Normas dentro do evento

- Prohíbese acceder con bebidas alcohólicas, substancias ilegais ou obxectos perigosos.
- Poderá realizarse control de mochilas por motivos de seguridade.
- Non se permite fumar nin usar vapeadores en interiores.

- Os menores deberán estar sempre baixo supervisión do seu adulto responsable.
 - As actividades poderán suspenderse temporalmente por seguridade, condicións meteorolóxicas ou causas técnicas.
-

10. Actividades, grupos e xornadas especiais

- A entrada xeral dá acceso ás actividades incluídas no programa do evento.
 - Algunhas actividades poden ter custo adicional.
 - As xornadas especiais (ex.: “sen ruído”, visitas especiais) poden ter normas particulares.
-

11. Responsabilidade do/a asistente

- Cada asistente é responsable do uso adecuado das instalacións.
 - O adulto responsable do menor responderá polos danos que este puidese causar.
 - A organización non responde de perdas, danos ou incidentes que resulten dun uso indebido das actividades ou do recinto.
-

12. Imaxe e gravacións

- Poderanse realizar fotografías e gravacións con fins promocionais ou informativos.
 - A asistencia ao evento implica consentimento para aparecer de maneira accesoria en ditas imaxes.
 - Non se empregarán imaxes identificables de menores sen autorización expresa.
-

13. Protección de datos

- Os datos serán tratados pola Fundación Feiras e Exposicións de Lugo conforme ao RGPD.
- Finalidades: xestión de entradas, control de accesos, seguridade e comunicacións relacionadas co evento.
- Os/as asistentes poderán exercer os seus dereitos RGPD a través do correo comercial@pfclugo.com
- Os datos non se cederán a terceiros salvo obrigação legal ou necesidade técnica.

14. Reventa e uso indebido

- Prohíbese a reventa das entradas ou o seu uso con fins promocionais sen autorización.
 - Entradas manipuladas ou revendidas serán anuladas sen dereito a devolución.
-

15. Forza maior

- A organización non será responsable de modificacións ou cancelacións derivadas de causas alleas, meteorolóxicas, técnicas ou de seguridade.
 - Poderase ofrecer reprogramación ou alternativa, sen obriga de asumir gastos indirectos.
-

16. Aceptación das condicións

A compra dunha entrada implica a aceptación íntegra destas Condicións Xerais.
Aplicarase a lexislación española e galega vixente.

17. Contacto

Fundación Feiras e Exposicións de Lugo

Avda. dos Deportes, s/n, 27004 (Lugo)

+34 982 285 200

correo@pfclugo.com

www.pfclugo.com